

I  
Disposición transitoria primeira. *Solicitudes de autorización de novos centros.*

1. As solicitudes de autorización de novos centros presentadas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto, ou que se encontren en tramitación nese momento, deberán referirse ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

2. Na solicitude, ademais da autorización para as ensinanzas citadas, poderase pedir autorización para impartir, provisionalmente, aquelas ensinanzas do sistema establecido pola Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que non se extinguísen de acordo co Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

3. O centro deberá reunir os requisitos mínimos establecidos neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Centros de educación infantil autorizados como incompletos.*

1. Os centros docentes de educación infantil que teñan autorización definitiva para unha ou dúas unidades, salvo os centros de educación infantil autorizados como incompletos por atender a poboacións de especiais características sociodemográficas ou escolares, deberán completa-lo mínimo de tres unidades de que consta a educación infantil con anterioridade ó inicio do curso 2004/2005.

2. A partir do inicio do curso 2004/2005, os centros a que fai referencia o punto anterior que non obtivesen a preceptiva autorización deixarán de ter a condición de centros autorizados para impartir as ensinanzas de educación infantil comprendidas na Lei 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Á entrada en vigor deste real decreto quedará derogado o Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitarias.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución e no artigo 14 da Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, ten carácter de norma básica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

Correspóndelles ó ministro de Educación, Cultura e Deporte e ós órganos competentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias respectivas, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA

**22600** REAL DECRETO 1538/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen as especialidades básicas de inspección educativa. («BOE» 295, do 10-12-2003.)

Entre os principios de calidade do sistema educativo enunciados pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, inclúese de modo expreso no seu artigo 1.k), xunto coa avaliación, «a inspección do conxunto do sistema educativo, tanto do seu deseño e da súa organización como dos procesos de ensino e aprendizaxe».

A mesma Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, no capítulo II do seu título VII, regula as funcións e organización da inspección educativa, así como a formación permanente dos inspectores de educación; e na súa disposición adicional décimo primeira establece, no marco da carreira docente, o procedemento de acceso ó corpo de inspectores de educación.

O modelo de inspección educativa que a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, define en canto á súa configuración básica responde á necesidade de especialización. Trátase, en efecto, de asegurar en cada un dos ámbitos territoriais, para os efectos de acceso ó corpo de inspectores de educación e de provisión de postos de traballo mediante concursos de traslados de ámbito nacional, unhas esixencias básicas comúns para todo o Estado, sen prexuízo da organización específica que para os servizos de inspección cada Administración educativa determine no ámbito das súas competencias.

De acordo con todo o cal e segundo o previsto no artigo 106.1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, este real decreto establece, logo de consulta coas comunidades autónomas, as especialidades básicas de inspección educativa, tendo en conta os diferentes niveis educativos e especialidades docentes.

No anexo I establécese o cadro das especialidades básicas de inspección educativa. Prevese así mesmo que, nos casos en que non se dispoña de inspector coa especialidade adecuada, se adoptarán as medidas pertinentes para garantir que a inspección conte co asesoramento especializado preciso.

Esta norma regulamentaria foi obxecto de consulta ás comunidades autónomas, foron oídas as organizacións sindicais de acordo co establecido na Lei 9/1987, do 12 de xuño, modificada pola Lei 7/1990, do 17 de xullo, e sobre ela emitíu informe a Comisión Superior de Persoal. Así mesmo foi sometida a informe do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Funcións e atribucións da inspección educativa.*

1. As funcións da inspección educativa son as que establece o artigo 105.1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

2. Para o correcto exercicio destas funcións os inspectores de educación terán as seguintes atribucións:

a) Coñecer directamente tódalas actividades que se realicen nos centros, ós cales terán libre acceso.

b) Examinar e comproba-la documentación pedagóxica e administrativa dos centros.

c) Recibir dos restantes funcionarios a necesaria colaboración para o desenvolvemento das súas actividades, para as cales o inspector terá a consideración de autoridade pública. Así mesmo, as demais autoridades e os diversos membros da comunidade educativa prestaranlles ós inspectores a colaboración que en cada caso corresponda.

#### Artigo 2. *Inspectores de educación.*

As funcións da inspección educativa a que se refire o punto 1 do artigo anterior serán levadas a cabo por funcionarios pertencentes ó corpo de inspectores de educación e por funcionarios do corpo de inspectores ó servizo da Administración educativa, en tódalas administracións educativas no ámbito das súas respectivas competencias, sen prexuízo da alta inspección que lle corresponde ó Estado.

#### Artigo 3. *Réxime aplicable ós inspectores.*

1. O corpo de inspectores de educación réxese polas normas básicas contidas na Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, polas normas básicas contidas na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, da calidade da educación, polas contidas neste real decreto e en cantas se dicten en desenvolvemento desta lei, así como polas normas que con carácter xeral regulan as bases da función pública docente.

2. O corpo de inspectores ó servizo da Administración educativa (CISAE), declarado a extinguir, réxese polo previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, e as correspondentes normas de desenvolvemento desta lei. Así mesmo, réxese polas normas básicas contidas na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, da calidade da educación, polas contidas neste real decreto e en cantas se dicten en desenvolvemento desta lei, así como polas normas que con carácter xeral regulan as bases da función pública docente.

## CAPÍTULO II

### Especialidades básicas de inspección educativa

#### Artigo 4. *Especialidades básicas.*

1. No anexo I establécense as especialidades básicas de inspección educativa, de conformidade co disposto no artigo 106 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e no seu anexo II establécense os criterios de adscrición dos actuais inspectores de educación ás ditas especialidades, a que fai referencia a disposición derradeira quinta da citada lei orgánica.

2. Os correspondentes cadros de persoal deberanse adecuar a estas especialidades básicas. Tanto o acceso ó corpo de inspectores de educación como a provisión de postos de traballo mediante concursos de traslados de ámbito nacional realizaranse conforme tales especialidades básicas.

3. As administracións educativas, de acordo coas súas competencias, poderán desenvolver as especialidades a que se refire o punto anterior e regularán a estrutura e o funcionamento dos órganos que establezan para o desempeño da inspección educativa nos seus respectivos territorios.

## CAPÍTULO III

### Formación dos inspectores

#### Artigo 5. *Formación dos inspectores de educación.*

1. O perfeccionamento e a actualización no exercicio profesional é un dereito e un deber dos inspectores de educación.

2. As diversas actividades para a formación permanente dos inspectores de educación estarán referidas á súa actualización nos distintos tipos de coñecementos e técnicas precisos para o mellor desempeño das funcións que teñen encomendadas de acordo coa diversidade de niveis, ensinanzas e materias que se integran e desenvolven no sistema educativo. Estas actividades de formación estarán orientadas ó perfeccionamento dos inspectores no exercicio das súas funcións propias, así como á capacitación destes para participar en procesos de innovación e reforma educativa.

Estas actividades terán os seus efectos en todo o territorio nacional, sempre que cumpran coas condicións e requisitos básicos establecidos polo Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, nos termos previstos no artigo 107.3 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

3. A formación dos inspectores de educación será levada a cabo polas distintas administracións educativas, en colaboración, preferentemente, coas universidades e institucións superiores de formación do profesorado.

#### Disposición adicional primeira. *Asesoramento especializado.*

Nos casos en que, para levar a cabo as actuacións inspectoras que o requiran, non se dispoña de inspector coa especialidade correspondente, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que a inspección conte co asesoramento especializado preciso.

#### Disposición adicional segunda. *Adscrición dos inspectores de educación.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto e no prazo máximo de seis meses, levarase a cabo a adscrición dos funcionarios pertencentes ó corpo de inspectores ó servizo da Administración educativa e dos pertencentes ó corpo de inspectores de educación á especialidade que, en cada caso, corresponda, de acordo cos criterios que se establecen no anexo II.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido neste real decreto.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dicta en uso das competencias que lle atribúe ó Estado o artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución e en virtude da habilitación que lle confire ó Goberno o artigo 106.1 e a disposición adicional oitava.1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, ten carácter básico, salvo o disposto no primeiro parágrafo do artigo 5.2.

#### Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

O ministro de Educación, Cultura e Deporte e as administracións educativas competentes poderán desenvolver este real decreto no ámbito das súas respectivas competencias.

I Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA

## ANEXO I

## I. Especialidades básicas de inspección educativa.

Nivel	Especialidade
Educación infantil, educación primaria.	Educación preescolar, infantil e primaria.
Educación secundaria, formación profesional de grao superior.	Lingua. Humanidades. Linguas estranxeiras e ensinanzas de idiomas.

II. As especialidades de inspección educativa, en cada un dos niveis, correspóndense coas especialidades docentes que en cada caso se sinalan:

Especialidade de inspección educativa	Especialidades docentes
Educación preescolar, infantil e primaria .....	Educación preescolar, infantil e primaria.
Lingua .....	Lingua castelá e literatura; linguas clásicas.
Humanidades .....	Filosofía; xeografía e historia.
Linguas estranxeiras e ensinanzas de idiomas .....	Linguas estranxeiras e especialidades do profesorado de escolas oficiais de idiomas.
Matemáticas .....	Matemáticas.
Ciencias .....	Bioloxía e xeoloxía; física e química.
Tecnoloxía e formación profesional .....	Tecnoloxía e especialidades do profesorado que imparte formación profesional.
Educación física e deportes .....	Educación física e ensinanzas deportivas.
Educación artística .....	Debuxo; música; especialidades do profesorado de ensinanzas artísticas.
Pedagogía ou psicoloxía .....	Pedagogía e psicoloxía.

## ANEXO II

## Criterios de adscrición dos actuais inspectores de educación ás especialidades

1. Inspectores pertencentes ó corpo de inspectores ó servizo da Administración educativa (CISAE).

Á especialidade básica correspondente coa especialidade docente que tiñan asignada no corpo de procedencia no momento da súa integración no CISAE ou, no seu defecto, coa especialidade correspondente á titulación académica aducida para a participación no correspondente proceso selectivo para o ingreso no corpo de inspectores ó cal no seu momento accederon.

2. Inspectores pertencentes ó corpo de inspectores de educación (CIE).

Á especialidade básica correspondente coa especialidade docente que tiñan no corpo desde o que accederon á función inspectora ou ó corpo de inspectores de educación ou, no seu defecto, coa especialidade correspondente á titulación académica aducida para a participación no correspondente proceso selectivo para o acceso á función inspectora ou ó corpo de inspectores.

3. Habilitacións.

Sen prexuízo do anterior, os inspectores poderán ser habilitados para actuacións especializadas correspon-

Nivel	Especialidade
	Matemáticas. Ciencias. Tecnoloxía e formación profesional. Educación física e deportes. Educación artística. Pedagogía ou psicoloxía.

As comunidades autónomas que teñan, xunto coa castelá, outra lingua propia cooficial poderán incluír como especialidade a dita lingua propia.

En circunstancias excepcionais e mentres estas persistan, as administracións educativas, para os efectos exclusivamente funcionais internos da inspección educativa, poderán considerar agrupadas nunha soa especialidade a de lingua e humanidades, por unha parte, e as de matemáticas e ciencias, por outra, todo iso sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira.

dentes con titulacións universitarias de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, distinta da aducida para a participación no correspondente proceso selectivo para o acceso á función inspectora.

En todo caso, cada inspector estará adscrito só á especialidade que lle corresponda, de acordo cos criterios establecidos nos puntos anteriores, para os efectos que este real decreto lle atribúe a esta adscrición.

## XEFATURA DO ESTADO

**22715** LEI ORGÁNICA 18/2003, do 10 de decembro, de cooperación coa Corte Penal Internacional. («BOE» 296, do 11-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.